

Resolución pola que se amplía o prazo de realización do terceiro exercicio das probas selectivas convocadas por resolución reitoral do 2 de decembro de 2022 para o acceso á categoría de técnico/a especialista de investigación, especialidade saúde, grupo III, pola quenda de acceso libre.

O segundo exercicio da fase de oposición correspondente ao proceso selectivo que se cita foi realizado o día 20 de novembro de 2023.

Á vista da proposta do tribunal cualificador, o reitor, tendo en consideración as circunstancias de carácter organizativo que concorren e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resolve:

Ampliar o prazo máximo establecido no artigo 16 do Real decreto 364/1995 para estes supostos, sempre que non exceda da metade do mesmo, para a realización do terceiro exercicio do proceso selectivo para acceso á categoría de técnico/a especialista de investigación, especialidade saúde, grupo III, pola quenda de acceso libre.

Contra esta resolución de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
O reitor
Antonio López Díaz
(Sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 18/12/2023 17:27:18.

CSV: F81F-A704-4C34-9C61